


Mapa turístico de Tomiño



Lenda

- Mirador
- Patrimonio natural
- Patrimonio arqueolóxico
- Patrimonio relixioso
- Patrimonio arquitectónico e etnográfico

Puntos de interese turístico

- | | |
|--|---|
| 1 Espazo Fortaleza | 18 Fortaleza dos Medos - Estás |
| 2 Muiños da Gandariña - Estás | 19 Minarete de Estás |
| 3 Muiños da Regueira - Estás | 20 Forte de Amorín |
| 4 Senda do Río Miño | 21 Mirador A Pedra Furada |
| 5 Ponte Romana Hospital - Río Cereixo | 22 Muiños do Porto - Vilameán |
| 6 Aula Museo Antonio Fernández | 23 Aula Museo Abdón Alonso - Fundación Peirópolis |
| 7 Igrexa de San Vicente de Barrantes | 24 Escola Hispano Americana Goianesa |
| 8 Área recreativa fluvial da Pedra - Río Cereixo | 25 Mirador da Pedrada |
| 9 Petroglifo de Portaxes - Monte Tetón | 26 Mirador do Niño do Corvo |
| 10 Petroglifo de Real Seco - Monte Tetón | 27 Praza do Seixo e Mercado Municipal |
| 11 Monte Tetón Aparcadeiro | 28 Ponte da Amizade |
| 12 Cruceiro de Goián | 29 Pazo - Torre de Tebra |
| 13 Brañal de Pinzás | 30 Escola Indiana Aurora do Porvenir |
| 14 Igrexa de San Campio de Lonxe - Figueiró | 31 Praia fluvial de Goián |
| 15 Igrexa San Salvador de Tebra | 32 Escola Indiana Unión do Porvenir |
| 16 Igrexa Santa María de Tebra | 33 Mirador - Monte Tetón |
| 17 Igrexa de Santa María de Tomiño | 34 Aula da Natureza Aberta do Río Furnia |



Descubrir Tomiño
Turismo de Tomiño



CONCELLO DE
Tomiño



Accede e descubre Tomiño
co teu GPS ou móbil

Ás veces non é doado chegar a determinados destinos de interese turístico. En Tomiño queremos axudarte: escanea o código QR ou visita tomino.gal/turismo e chega facilmente coa axuda de Google maps.

CONCELLO DE
Tomiño

Praza do Seixo 1 | Tomiño
986 622 001
tomino.gal

**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**

Montero Rios s/n | Pontevedra
986 804 100
depo.es

Patrimonio natural



Senda do río Miño

O Miño é protagonista no municipio de Tomiño, e ofrece un contorno natural privilexiado para aqueles que buscan espazos de natureza e actividade ao aire libre. De recente creación, Tomiño conta cunha senda fluvial que discorre paralela ao río Miño, e que ofrece un percorrido idóneo para pasear, andar en bicicleta ou gozar das panorámicas do río e da beira de Portugal.



Área recreativa fluvial da Pedra

O río Cereixo percorre o municipio, dende o seu nacemento en Chan de Cereixo até a súa desembocadura no río Miño. As súas marxes están pobladas por alisos, salgueiros, loureiros e outras especies ribeiriñas, e as súas augas cristalinas serpentean a través de leiras e prados. No seu curso o Cereixo presenta pequenas presas que noutro tempo serviron para desviar parte das súas augas a muiños hidráulicos mediante canles construídos a tal efecto. No Barrio de A Pedra atópase un área recreativa fluvial que constitúe un enclave idóneo para o esparcemento e o disfrute da natureza.

Miradores



Mirador da Pedrada

A Serra do Argallo é a formación montañosa que domina todo o val de Tomiño, xunto co final da Serra da Groba e do Galiñeiro, e constitúen interesantes enclaves naturais que albergan numerosos miradores panorámicos e paisaxísticos. O **Mirador do Niño do Corvo** atópase no límite co municipio do Rosal, a 313 m de altitude. Proporciona ao visitante unha das máis fermosas vistas da comarca, dende o estuario do Miño até numerosas terrazas fluviais tomiñesas e do val do Rosal. O **Mirador da Pedra Furada**, en Figueiró, constitúe un fermoso enclave natural de gran singularidade xeolóxica pola presenza dunhas formacións rochosas furadas pola acción do vento e a choiva. Conta cun mirador panorámico a 204 m de altitude. O **Mirador dos Viñedos de Vilachán** ten a peculiaridade de ofrecer unha ampla panorámica da plantación dos viñedos e dos núcleos de Vilachán e Tomiño. O **Mirador da Pedrada** atópase no límite co municipio de Oia. A 517m de altitude, ofrece ao visitante unhas vistas inigualables do val de Tomiño e do val do Rosal. Nos días claros pode verse A Guarda e a marxe portuguesa do Miño.



Mirador de Vilachán

Patrimonio relixioso



Igrexa de Santa María

A Igrexa Parroquial de Santa María de Tomiño atópase preto do centro da localidade. De estilo románico, foi igrexa dun antigo mosteiro feminino beneditino. É un referente moi importante do románico da zona, a pesar das reformas que sufriu en torno ao 1809. Conta cunha única nave e ábside rectangular, e a portada principal presenta catro arquivoltas sostidas por catro pares de columnas.



Igrexa de San Campio de Lonxe

A Igrexa de San Campio de Lonxe atópase na parroquia de Figueiró. Este Santuario foi construído no ano 1804 sobre unha antiga capela. A construción ten unha notable influencia arquitectónica portuguesa, que se deixa notar nos seus remates curvos e nos acabados das súas torres.


Patrimonio arqueolóxico



Petroglifos Monte Tetón

O Monte Tetón, situado na parroquia tomiñesa de Tebra, no límite co municipio de Gondomar, ten un dos conxuntos de arte rupestre máis importantes de Europa, con grabados que datan de fai uns 4000 anos. As representacións circulares do repertorio iconográfico desta estación rupestre son as máis grandes de Europa atopadas até o momento. O denominado Petroglifo de Real Seco presenta unha impresionante formación de 17 aneis concéntricos de 3,5 m de diámetro máximo. Pola súa banda o Petroglifo de Portaxes presenta unha combinación de 18 aneis concéntricos que acadan os 2,5 m de diámetro máximo.

Patrimonio arquitectónico e etnográfico



Muiños do Porto

Os muiños do Porto atópanse na parroquia tomiñesa de Vilameán. Orixinariamente o conxunto estaba composto por oito muiños de auga, dos que se restauraron cinco. Teñen unha antigüidade de uns 150 anos, e o seu uso pasaba por herdanza de xeración en xeración. Forman parte dun pequeno roteiro que percorre os muiños en dirección á coñecida Pedra Moura. Outros muiños de interese para visitar no municipio de Tomiño atópanse na parroquia de Estás: Os Muiños da Regueira e os Muiños da Gandariña.

Patrimonio arquitectónico e etnográfico



Espazo Fortaleza

O Espazo Fortaleza é un área recuperada para o uso público por parte do Concello de Tomiño. Trátase do contorno da Fortaleza de San Lourenzo en Goián. Foi construído por enriba do forte primitivo, chamado "Forte da Barca" en torno á sinatura do Tratado de Paz con Portugal, en 1668, co obxectivo de reforzar a defensa da zona de cara a un posible novo conflito con Portugal. A edificación destaca por ter unha das plantas máis interesantes do conxunto galego, pola súa perfección e simetría. Na actualidade o Espazo Fortaleza ofrece ao visitante un área de esparcemento á beira do Río Miño onde poder disfrutar da natureza e de pasear ou andar en bicicleta. En 2014 resultou finalista do VI Premio de Arquitectura Enor.



Unión do Porvenir

A Unión do Porvenir forma parte do conxunto de Escolas Indianas de Tomiño. Foi promovida por unha sociedade de emigrantes tomiñeses establecidos en Nova York no ano 1918, co obxectivo de apoiar a formación dos escolares mediante unha escola de ensinanza primaria. Foi inaugurada no ano 1933. Atópase ao carón da estrada PO-350 que une Hospital con Areas (Tui), no límite entre as parroquias de Tabora e Piñeiro.



Praza do Seixo e Mercado

A Praza do Seixo é o núcleo urbano de Tomiño e emplazamento da Casa do Concello. Foi remodelada no ano 2014 e na actualidade constitúe un lugar de encontro e convivencia dos habitantes de Tomiño, e de xogo e esparcemento para os máis novos. No ano 2015 a Praza do Seixo recibiu o Premio de arquitectura Gran de Area. Frente á Casa do Concello podemos atopar o Mercado Municipal, reformado no mesmo ano que a praza e que ofrece na súa pranta baixa unha variada oferta de produtos de tempada e no primeiro andar un espazo dedicado á gastronomía e a celebración de diversas actividades e eventos.